



Concello de Vigo  
Expte. 3670/1101

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 20/2022

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 23 DE DECEMBRO DE 2022

#### ORDE DO DÍA

UNICO.- Resolución de alegacións e aprobación definitiva do Orzamento do Concello para o ano 2023. Expte. 76/142 (Expte. Pleno 3611/1101).

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón  
Aguiar Castro Yolanda  
Aneiros Pereira Jaime  
Blanco Iglesias Eugenia Dolores  
Caride Estévez María José (on line)  
Fernández Pérez José Manuel  
Gómez Díaz Gorka  
Iglesias González Ana Laura  
Lago Barreiro María del Carmen  
López Font Carlos  
Losada Alvarez Abel Fermín  
Mejías Sacaluga Ana Maria  
Pardo Espiñeira Francisco Javier  
Rivas González Ángel  
Rodríguez Calviño Patricia  
Rodríguez Díaz Santos Héctor  
Rodríguez Rodríguez Nuria

##### POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Bartolomé Tocino, Carlota  
Egerique Mosquera Teresa (*retirouse antes da votación*)  
López Román Patricia  
Marnotes González José Alfonso

##### POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana (*incorpórase as 9,12 minutos*)  
Pérez Correa Ruben

##### MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

#### NON ASISTEN:

Estévez Rodríguez Pablo Luis, concelleiro do grupo municipal Socialista.  
Silva Rego M<sup>a</sup> Carmen, 1<sup>a</sup> tenente de Alcalde do grupo municipal Socialista.



No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e tres de decembro do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Bartolomé Tocino, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Méndez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretaria Xeral Acctal. do Pleno que asina D<sup>a</sup> Susana Gallardo Fariña, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

**UNICO.(233).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA O ANO 2023. EXPTE. 76/142 (EXPTE. PLENO 3611/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 15 de decembro de 2022, a Dirección Superior Contable e Orzamentaria e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda emiten a seguinte proposta,

“ANTECEDENTES

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 18 de novembro 2022, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local, o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo e o anexo orzamentario das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU para o ano 2023.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partires do seguinte á inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 222 do día 21 de novembro, comezando a súa exposición o día 22, e rematando o prazo da mesma o 14 de decembro de 2022.

No citado período, e consonte á dilixencia que se adxunta na que consta o prazo no que estivo en exposición pública o expediente incorporada ao expediente electrónico, presentáronse polos interesados que regula os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, 12 alegacións que forma parte da documentación que conforma o expediente 76/142 do Orzamento Xeral para o ano 2023. As mesmas foron resoltas, pronunciándose sobre a inadmisión, estimación ou desestimación de acordo aos motivos que en cada caso se reflicten no informe que se achega, dando así cumprimento ao previsto no artigo 35 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:29	Páxina 2 de 10
3703-1101	CSV: A7AHBC-D4E43E-8D3H4F-Y62UCY-6YQSSP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A contestación que motiva a inadmisión, estimación ou desestimación figura no informe que conforma o expediente administrativo. Na identificación do/a alegante analízase a lexitimación de quen a presenta, e cal ou cales son os fundamentos da alegación presentada, así mesmo avalíase se se dá cumprimento as causas obxectivas que regula o artigo 170.2 do TRLRFL.

En consecuencia co anterior, aquelas alegacións que estean no marco xurídico do artigo 170.1 e 170.2, é dicir, que o alegante teña lexitimación para presentar a mesma, e ademais, a alegación estea nos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 TRLRFL, nese caso, estudada e avaliada tecnicamente, o órgano político pronunciarase sobre a estimación/desestimación ou inadmisión.

No caso no que non exista lexitimación ou non se corresponda cos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, a alegación será inadmitida, sen entrar na análise da mesma.

Visto o informe técnico sobre as alegacións presentadas ao proxecto do Orzamento para o ano 2022 no prazo de exposición pública, formúlase a Pleno a seguinte,

#### PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2023

Tendo en conta o anterior, propónse ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO...”

Deseguido o funcionario e concelleiro informantes emiten a proposta que se transcribe na parte expositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda na súa sesión extraordinaria do 20.12.21, ditaminou favorablemente a proposta.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO MEMBRO NON ADSCRITO: Cun voto a favor do concelleiro membro non adscrito, Sr. Perez Igrexas, seis abstencións dos membros dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, e dezaoto votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, rexeitando as emendas que mantén no seu voto particular.

VOTACIÓN DA PROPOSTA: Con dezaoto votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:29	Páxina 3 de 10
3703-1101	CSV: A7AHBC-D4E43E-8D3H4F-Y62UCY-6YQSSP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, sete votos en contra do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

**PRIMEIRO.- INADMITIR AS SEGUINTES ALEGACIÓNS/RECLAMACIÓNS**

1.- As alegacións (1ª a 8ª) presentadas por:

Dona María del Carmen Viñas Rodrigo, nº de documento de rexistro 220313862 de data 07/12/2022, Dona Patricia Deaño González, nº de documento de rexistro 220319175 de data 12/12/2022, Dona Elena Deaño González, nº de documento de rexistro 220319185 de data 12/12/2022, Don Lorenzo Deaño Sarabia, nº de documento de rexistro 220319195 de data 12/12/2022, Dona Olga González Vázquez, nº de documento de rexistro 220319182 de data 12/12/2022, Dona Carmen González Vázquez, nº de documento de rexistro 220319194 de data 12/12/2022, Dona Isabel Manteiga Gorcal, nº de documento de rexistro 220320390 de data 13/12/2022, e Dona Rebeca Rodríguez Dasilva, nº de documento de rexistro 220321100 de data 13/12/2022, non se atopan encadradas en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do TRLRFL, polo que debe ser inadmitida.

No entanto, o Servizo de Praias e Medio ambiente, estudará a posibilidade de modificar o contrato ou tramitar outro para avaliar se o servizo pode ser prestado no espazo temporal ao que fan referencia as alegacións.

2.- A alegación (9ª) presentada por D. Anxo Iglesias Covelo, en representación da Asociación veciñal de Teis co número de rexistro do documento 220321221, tendo en conta os supostos que en cada caso se reflicten neste informe, non responden aos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL.

O financiamento que propón ten causa en baixas de aplicacións asociadas a contratos vixentes e crédito de persoal, en todos os casos, non sería reducible a dotación.

A alegación presentada na que inclúe CINCO solicitudes, debe ser INADMITIDA por:

- i) Non estar nos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL,
- ii) Propor un financiamento con baixas en outras aplicacións que non poden ser reducidas.

En consecuencia, non cumpre co previsto no bloque de legalidade que lle é de aplicación.

3.- Alegación (10ª) presentada por D. Antonio Rodríguez Martínez, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural, Deportiva e de Consumidores e Usuarios de Lavadores, documento 220321972, non está nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non responden a ningún dos supostos relacionados no precitado precepto,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:29	Páxina 4 de 10
3703-1101	CSV: A7AHBC-D4E43E-8D3H4F-Y62UCY-6YQSSP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha solicitude de aumento dunha subvención nominativa, non dunha alegación, polo que, por aplicación do TRLRFL, debe ser inadmitida como alegación.

4.- Alegación (11ª) presentada por Dona Carmen Garcia Garrido en calidade de Presidenta da Asociación de Jubilados y Pensionistas Villa Galicia, documento nº 220321993, non está nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non responden a ningún dos supostos relacionados no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha solicitude de aumento dunha subvención nominativa, non dunha alegación, polo que, por aplicación do TRLRFL, debe ser inadmitida como alegación.

5.- Alegación 12ª) presentada por Dona María Asunción Pérez González en calidade de Presidenta da Federación de vecinos Eduardo Chao, documento nº 220321731. A alegación presentada non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do TRLRFL, non se trata dunha alegación, senón dunha aplicación alternativa dos recursos aprobados inicialmente polo Pleno, polo que, a alegación resulta inadmitida, sen prexuízo de que conorra á convocatoria anual de subvencións en réxime de concorrencia competitiva que se publica anualmente con cargo á aplicación 9240.4890000 para as entidades veciñais.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o Orzamento para o ano 2023, tendo en conta a proposta de resolución das alegacións presentadas ao Orzamento Xeral do Concello de Vigo, non habéndose producido ningunha alteración en relación co Proxecto aprobado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria de data 18 de novembro de 2022, polo que, non se incorporan máis informes cos contidos inicialmente, coas excepcións dos relativos á resolución das alegacións que se incorporan ao expediente.

O Proxecto de Orzamento está integrado por:  
Orzamento dá Entidade Local.  
Orzamento do OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo.  
Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

Reflictese nesta proposta o resume por Capítulos da clasificación económicas de gastos, ingresos e por Áreas de Gastos, tanto para o Orzamento da Entidade como o do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións así co os estados Consolidados do Grupo Concello de Vigo. En relación con este últimos, os estados orzamentarios que conforman o expediente do Orzamento, inclúen unha consolidación a todos os niveis (Capítulos, Áreas, Aplicacións, Programas....)

A estrutura orzamentaria que se presenta axústase ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais e a Orde 419/2014, de 14 de marzo pola que se modifica a Orde 3565/2008.

Reflictese a emenda aprobada polo Pleno na sesión do 18 de novembro, producíndose un incremento no capítulo 4 e unha diminución no capítulo 2, de 138.200,00 euros.

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS 2023 E COMPARATIVA CO ANO 2022, ENTIDADE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:29	Páxina 5 de 10
3703-1101	CSV: A7AHBC-D4E43E-8D3H4F-Y62UCY-6YQSSP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2022	Importe 2023	Variación %	Importe 2022	Importe 2023	Variación %
1	72,418,066.89	74,325,614.94	2.63%	113,120,306.00	112,173,330.00	-0.84%
2	135,607,453.43	150,356,305.42	10.88%	10,362,766.18	10,615,870.00	2.44%
3	30,530.00	55,530.00	81.89%	39,928,577.00	40,833,990.47	2.27%
4	33,120,378.69	34,636,318.09	4.58%	93,297,348.57	104,360,232.81	11.86%
5	600,000.00	600,000.00	0.00%	2,784,059.76	2,935,252.62	5.43%
Operac. Corr.N.F	241,776,429.01	259,973,768.45	7.53%	259,493,057.51	270,918,675.90	4.40%
6	39,743,352.32	27,860,839.12	-29.90%	.00	.00	0.00%
7	771,444.00	669,444.00	-13.22%	22,798,167.82	17,585,375.67	-22.86%
Operacións N.F	282,291,225.33	288,504,051.57	2.20%	282,291,225.33	288,504,051.57	2.20%
8	500,000.00	500,000.00	0.00%	500,000.00	500,000.00	0.00%
9	.00		0.00%	.00		0.00%
Total	282,791,225.33	289,004,051.57	2.20%	282,791,225.33	289,004,051.57	2.20%

### CLASIFICACIÓN ECONÓMICA GASTOS-INGRESOS, ESTADOS CONSOLIDADOS, COMPARATIVO 2022-2023

CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2022	Importe 2023	Variación %	Importe 2022	Importe 2023	Variación %
1	78,109,584.92	80,189,866.30	2.66%	113,120,306.00	112,173,330.00	-0.48%
2	137,356,931.25	152,159,339.91	10.78%	10,362,766.18	10,615,870.00	2.44%
3	30,530.00	55,530.00	81.89%	41,593,957.85	42,499,371.32	2.18%
4	27,290,413.69	28,806,353.09	5.55%	93,459,998.57	105,002,172.81	12.35%
5	600,000.00	600,000.00	0.00%	2,785,059.76	2,936,252.62	5.43%
Operac. Corr.N.F	243,387,459.86	261,811,089.30	7.57%	261,322,088.36	273,226,996.75	4.56%
6	40,741,352.32	28,977,301.70	-28.47%	.00	.00	0.00%
7	841,444.00	739,444.00	-12.12%	23,648,167.82	18,300,838.25	-22.61%
Operacións. N.F	284,970,256.18	291,527,835.00	2.30%	284,970,256.18	291,527,835.00	2.30%
8	532,000.00	532,000.00	0.00%	532,000.00	532,000.00	0.00%
9	.00		0.00%	.00	.00	0.00%
Total	285,502,256.18	292,059,835.00	2.30%	285,502,256.18	292,059,835.00	2.30%

Os estados consolidados reflicten os Entes con Orzamento limitativo, neste caso, Entidade Local e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

### RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2022-2023

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2022	Importe 2023	Variación %	Importe 2022	Importe 2023	Variación %
1	5,691,518.03	5,864,251.36	3.04%			
2	1,749,477.82	1,803,034.49	3.06%			
3				1,665,380.85	1,665,380.85	0.00%



Copia do documento - Concello de Vigo  
3703-1101

Data impresión: 20/02/2023 09:29

Páxina 6 de 10

CSV: A7AHBC-D4E43E-8D3H4F-Y62UCY-6YQSSP-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

4	.00	.00	0.00%	5,992,615.00	6,471,905.00	8.00%
5				1,000.00	1,000.00	0.00%
Op. Corr. NF	7,440,995.85	7,667,285.85	3.04%	7,658,995.85	8,138,285.85	6.26%
6	998,000.00	1,116,462.58	11.87%	.00	.00	0.00%
7	70,000.00	70,000.00	0.00%	850,000.00	715,462.58	-15.83%
Op. Cap. NF	1,068,000.00	1,186,462.58	11.09%	850,000.00	715,462.58	-15.83%
T. Op. N.F	8,508,995.85	8,853,748.43	12.49%	8,508,995.85	8,853,748.43	4.04%
8	32,000.00	32,000.00	0.00%	32,000.00	32,000.00	0.00%
Total	8,540,995.85	8,885,748.43	4.04%	8,540,995.85	8,885,748.43	4.04%

## CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2022-2023, RESUME POR ÁREAS DE GASTO

Área	Descripción	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2022	2023		2022	2023	
0	Débeda Pública	5,000.00	5,000.00	0.00%	5,000.00	5,000.00	0.00%
1	Servizos Públicos básicos	149,786,072.33	151,987,373.86	1.47%	152,497,103.18	155,043,157.29	1.67%
2	Actuación de protección e promoción social	25,135,746.97	28,891,977.37	14.94%	25,135,746.97	28,891,977.37	14.94%
3	Producción B. públicos carácter preferente	45,409,143.20	49,589,568.42	9.21%	45,409,143.20	49,589,568.42	9.21%
4	Actuacións de carácter económico	19,613,378.62	19,142,636.80	-2.40%	19,613,378.62	19,142,636.80	-2.40%
9	Actuacións de carácter Xeral	42,841,884.21	39,387,495.12	-8.06%	42,841,884.21	39,387,495.12	-8.06%
Total		282,791,225.33	289,004,051.57	2.20%	285,502,256.18	292,059,835.00	2.30%

### FUNDACIÓNS QUE FORMAN PARTE DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN

As fundacións que se relacionan, que forman parte do Grupo Concello de Vigo, ao igual que o Concello e o Organismo Autónomo, quedan suxeitas ao cumprimento dos obxectivos fiscais que regulamenta a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

### MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO (MARCO)

#### Orzamento de Gastos e ingresos e estado comparativo

CONCEPTOS	Empregos				Recursos		
	Importe 2022	Importe 2023	Variación		Importe 2022	Importe 2023	Variación
G. Persoal	298,993.00	321,444.00	7.51%	Ingresos actividade	11,000.00	18,000.00	-37.92%
Cons. eléctrico	100,000.00	287,780.00	187.78%	Subv. doazóns	810,000.00	1,005,000.00	0.00%
Exposicións	110,007.00	175,000.00	59.08%	Achegas usuarios	10,500.00	10,500.00	0.00%
Compra de obra		180,748.00	100.00%	Cursos		20,000.00	100.00%
Outros g. Activ.	296,000.00	67,028.00	-77.36%	Patrocinio La Caixa	10,000.00	10,000.00	0.00%
G.Financeiros	1,500.00	1,500.00	0.00%	Alugueiros			0.00%
Amortiza. Inmv.	35,000.00	30,000.00	14.29%				
Total	841,500.00	1,063,500.00	26.38%		841,500.00	1,063,500.00	26.38%

### CONVENTION BUREAU (CB)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:29	Páxina 7 de 10
3703-1101	CSV: A7AHBC-D4E43E-8D3H4F-Y62UCY-6YQSSP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## Orzamento de Gastos e ingresos e estado comparativo

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			Variación
	Importe 2022	Importe 2023	Variación		Importe 2022	Importe 2023	
G. Persoal	181,383.13	185,765.00	2.42%				
Cons. e gast. xestión	25,401.87	35,000.00	37.79%	Subv. doazóns	218,000.00	212,000.00	-2.75%
Publ.mat. Promoc.	9,800.00	12,500.00	27.55%	Achegas socios	22,000.00	40,250.00	82.95%
Acc. promoción	269,900.00	263,470.00	-2.38%	Out. ingresos	250,000.00	250,000.00	0.00%
P. outros entes	3,515.00	5,515.00	56.90%				
Operac. N.F	490,000.00	502,250.00	2.50%	0	490,000.00	502,250.00	2.50%

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobe para o Organismo Autónomo.

CUARTO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da XMU.

QUINTO.- Aprobar a plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

SEXTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2023-2026, que quedará sometido aos axustes que cada ano se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

SÉTIMO.- En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, será inserido no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.

OITAVO.- Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado, remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. O procedemento de remisión axustarase ao contido do previsto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro.

NOVENO.- En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2023, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

DÉCIMO.- O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo precitado e terá os seus efectos dende o un de xaneiro.

DÉCIMOPRIMEIRO.- De acordo o previsto no art. 171 do TRLRHL, contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición (artigos 45 e 46 da Lei 29/1998). A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado pola Corporación Municipal.

DÉCIMOSEGUNDO.- Se o Dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou





reglamentaria, polo Pleno da Corporación ou polo órgano que teña a competencia, acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ó interese xeral, se das mesmas se puxese en perigo o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentario ou da regra de gasto.

DÉCIMOTERCEIRO.- Todas as alegacións presentadas en prazo e das que se tivo coñecemento até as 24 horas do día 14 de decembro, foron avaliadas e resoltas, considerando que aquelas que non cumpran este requisito, entenderanse rexeitadas pola aplicación do artigo 20 do Real Decreto 500/1990.

DÉCIMOCUARTO.- Dado que foi aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 10/12/2021, expediente 102791-140, unha "Instrución sobre a tramitación dos contratos menores", cuxa finalidade é a de regulamentar todo o procedemento, tendo a súa entrada en vigor o 1 de xaneiro do ano 2022, a regulación contida na Base 31ª de Execución do Orzamento terá carácter supletorio, e so se aplicará se non contradice ou xera diverxencias co regulamentado na instrución aprobada ou se a mesma regula aspectos non contidos na Instrución.

### ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario Orzamentos 23  
 Legislatura: Mandato 2019-2023  
 Órgano : Pleno  
 Fecha Inici: Viernes, 23 de Diciembre de 2022 09:35:31  
 Fecha Fin : Viernes, 23 de Diciembre de 2022 09:59:27  
 Duración : 00:23:56

- HTML

[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas.jsp?id=3264](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3264)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 174 MiB

SHA512 - 97601629f4f877b321eab375dd1e190ed9397db1df52eeac1700935c050a8a0ce6e0d508f2d757e9cc8f0e72751b34a2194273a27f9ce28a5bed0e5b44c29ea2a

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretaria; Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Losada Alvarez, Abel Fermín; Mejías Sacaluga, Ana María; Aneiros Pereira, Jaime; Aguiar Castro, Yolanda; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, Eugenia Dolores; Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen; Pablo; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, Jose Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Angel; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, Jose Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Lopez Roman, Patricia; Bartolomé Tocino, Carlota; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Iglesias, Xabier;

00:00:02 - Caballero Álvarez, Abel

00:00:23 - Caballero Álvarez, Abel



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:29	Páxina 9 de 10
3703-1101	CSV: A7AHBC-D4E43E-8D3H4F-Y62UCY-6YQSSP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

00:00:36 : UNICO.- Resolución de alegacións e aprobación definitiva do Orzamento do Concello para o ano 2023. Expte. 76/142 (Expte. Pleno 3611/1101).

00:00:55 - Aneiros Pereira, Jaime

00:05:59 - Caballero Álvarez, Abel

00:06:04 - Pérez Iglesias, Xabier

00:08:13 - Caballero Álvarez, Abel

00:08:17 - Pérez Correa, Rubén

00:13:24 - Caballero Álvarez, Abel

00:13:27 - Marnotes González, Jose Alfonso

00:18:33 - Caballero Álvarez, Abel

00:19:15 - Aneiros Pereira, Jaime

00:22:20 - Caballero Álvarez, Abel

00:22:28 - Voto particular Concelleiro non adscrito

00:22:58 - Votación da Aprobación orzamentos 2023

00:23:56 : [FIN]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás nove horas e trinta minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 20/2022, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2022.

am.

A PRESIDENCIA

A SECRETARIA XERAL ACCTAL. DO PLENO

Abel Caballero Álvarez

Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/02/2023 09:29	Páxina 10 de 10
3703-1101	CSV: A7AHBC-D4E43E-8D3H4F-Y62UCY-6YQSSP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		